
**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 23 DE XULLO DE 2015,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS
PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se modifica o Decreto 8/2010, do 21 de xaneiro, polo que se regula a actividade de control de acceso a espectáculos públicos e actividades recreativas.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co Concello de Vilar de Santos (Ourense) para a obra de construción dun punto limpo por importe de trescentos corenta e nove mil setecentos oitenta e catro euros con oitenta e catro céntimos (349.784,84 euros).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se exige de constitución de garantías nos pagamentos anticipados e á conta nas axudas concedidas ao abeiro das bases reguladoras das axudas do Igape á promoción conxunta en mercados exteriores – Plan Primex, por un importe total de un millón de euros (1.000.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a concesión dunha subvención directa á Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (Fundación CESGA), mediante Resolución do conselleiro de Economía e Industria, na súa calidade de presidente da Axencia Galega de Innovación, para financiar a adquisición e instalación de equipamento destinado a prestación de servizos de computación e comunicacións de altas prestacións na industria, por importe de cento cincuenta mil euros (150.000,00 euros).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción da Addenda ao convenio, asinado o 24 de novembro de 2005, entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada sobre a colaboración educativa nas ensinanzas de formación profesional e especialmente nas da familia profesional madeira e moble, por un importe total de trinta mil cincuenta euros (30.050,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción da Addenda ao convenio, asinado o 11 de setembro de 2012, entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación Laboral de la Construción sobre a colaboración educativa nas ensinanzas da familia profesional de madeira, moble e cortiza, por un importe total de trinta mil euros (30.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de bases de colaboración entre o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para dotar de auxiliares de conversa a centros educativos e escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia, e se autoriza a plurianualidade do gasto nel previsto, por un importe total de dous millóns cento cincuenta mil catrocentos euros (2.150.400,00 euros).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se aproba o texto do Proxecto de decreto polo que se crea a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, e se aproban os seus estatutos, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar a establecer pagamentos á conta e pagamentos anticipados en porcentaxe superior aos recollidos no artigo 62 e 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como á exención da obriga de constituír garantías ao abeiro do artigo 67.4 do citado Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, no proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras da subvención plurianual do custo salarial para o mantemento dos postos de traballo ocupados por persoas con discapacidade nos centros especiais de emprego de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o período do 1 de xullo de 2015 ata o 30 de xuño de 2016, dentro do Programa para a promoción da integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e a adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual de conformidade co previsto no artigo 58.1.b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e

orxamentario de Galicia. Importe total: sete millóns cincocentos trinta mil euros (7.530.000,00 euros).

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación de axencias de colocación para prestar o servizo de colaboración coa Consellería de Traballo e Benestar, coa finalidade de realizar traballos de inserción no mercado laboral de persoas desempregadas con base no acordo marco P.A. 17/13 con axencias de colocación para a colaboración con servizos públicos de emprego na inserción no mercado laboral de persoas desempregadas (Expte. 58/2015). Orzamento de licitación: catro millóns novecientos mil cincocentos trinta e seis euros (4.900.536,00 euros). Valor estimado: catro millóns cincuenta mil vinte e nove euros con setenta e cinco céntimos (4.050.029,75 euros).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre a posta en marcha da plataforma para a xestión da mobilidade do transporte de persoas por estrada en Galicia.
- Informe sobre a execución de proxectos do Plan de administración e goberno dixitais - Horizonte 2020: chave 365 e Dixitalización nas oficinas de rexistro.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Informe da evolución da Risga 2015.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Informe sobre aprobación de axudas a investimentos na transformación e comercialización de produtos agrarios e forestais da convocatoria de 2015.

A XUNTA AMPLIA ATA FINAIS DE ANO O PRAZO PARA RENOVAR AS HABILITACIÓNS DO PERSOAL DE CONTROL DE ESPECTACULOS PÚBLICOS

- ***En 2010 o goberno galego regulou por decreto os requisitos que deben cumprir os controladores para exercer as súas funcións***
- ***Desde aquela, un total de 806 persoas xa acadaron a habilitación como persoal de control de espectáculos públicos e actividades recreativas nas convocatorias anteriores***

O Consello da Xunta aprobou hoxe unha modificación do decreto que regula a actividade de control de acceso a espectáculos públicos e actividades recreativas para a ampliación do prazo de renovación dos certificados. Así, establécese que aos controladores de acceso a espectáculos públicos e actividades recreativas se lles prorroga o prazo de vixencia das habilitacións ata o trinta e un de decembro de 2015, estando obrigados a ter a renovación a partir do un de xaneiro do próximo ano.

O Goberno galego aprobou a principios do ano 2010 a regulación por decreto dos requisitos que deben cumprir os controladores para exercer as súas funcións. Dende entón, un total de 806 persoas xa acadaron a habilitación como persoal de control de espectáculos públicos e actividades recreativas nas convocatorias anteriores.

Para poder acceder á habilitación, os solicitantes deberán pasar unhas probas de coñecementos que consisten nun cuestionario de cincuenta preguntas tipo test, máis cinco de reserva, que versan sobre temas relativos á Constitución española, normativa básica do dereito de admisión, follas de reclamacións, posesións de armamento, medidas de seguridade en establecementos de concorrencia pública e primeiros auxilios, entre outros asuntos.

Posteriormente realizan un exercicio de tradución dun texto do galego ao castelán que ten carácter voluntario para os aspirantes que coa solicitude entregaron a documentación precisa que acredite os ditos coñecementos. Finalizados os exercicios teóricos, lévase a cabo a segunda proba que consiste na realización dun test psicolóxico. Para obter a habilitación deberá obterse a cualificación de apto nas dúas probas. Pasados cinco anos da obtención da habilitación, será necesario renovar a habilitación, para o que haberá que superar un novo exame psicolóxico.

MEDIO AMBIENTE INVISTE CASE 350.000 EUROS NA CONSTRUCCIÓN DO PUNTO LIMPO DE VILAR DE SANTOS

- ***O departamento que dirixe Ethel Vázquez subvenciona o 100% desta actuación, que se poderá iniciar este mesmo ano***
- ***Esta actuación enmárcase na aposta da Xunta por apoiar as entidades locais na xestión dos residuos e beneficiará os máis de 3.000 habitantes dos concellos de Vilar de Santos, Rairiz de Veiga e Porqueira***
- ***O investimento nas actuacións deste tipo en execución ou proxectadas ascende a 1,7 millóns de euros***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o concello de Vilar de Santos, para a construción dun punto limpo neste municipio da provincia de Ourense.

Esta actuación enmárcase no desenvolvemento do Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2020 e contará cunha achega económica do Goberno galego de case 350.000 euros, é dicir, o 100% do importe necesario para a súa construción.

O futuro punto limpo de Vilar de Santos permitirá realizar a xestión de residuos sólidos urbanos ou domésticos que requiran dunha xestión específica polo seu tamaño, natureza ou perigosidade.

Entre os obxectivos fundamentais desta infraestrutura, atópanse os de separar os residuos xerados nos fogares que representen un risco para o ambiente ou a saúde; evitar a vertedura incontrolada de entullos e residuos voluminosos como mobles ou electrodomésticos; e facilitar a recuperación dos recursos contidos nos residuos para a súa reciclaxe.

Esta iniciativa estende e reforza a rede de puntos limpos municipais financiados pola Xunta na comunidade galega, que con estas novas infraestruturas contará con case 150 instalacións, das cales 139 están rematadas e seis (incluída a de Vilar de Santos) en fase de proxecto, licitación e construción.

Obxectivos

Esta actuación permitirá aos máis de 3.000 habitantes de Vilar de Santos, Rairiz de Veiga e Porqueira realizar o depósito de residuos para a súa posterior separación e clasificación, o que mellorará a loxística na xestión e posibilitará:

- Evitar a súa vertedura incontrolada e os conseguíntes impactos sobre a saúde pública, a paisaxe e o ambiente.
- Facilitar o abaratamento dos procesos de valorización de residuos (recuperación e reciclaxe), dando cumprimento ás esixencias europeas en materia de xestión de residuos.

- Aproveitar os materiais contidos nos residuos reducindo o consumo de materias primas e recursos naturais.

Situación actual da rede de puntos limpos

A rede deste tipo de infraestruturas que na actualidade existe en Galicia elévase a 139 instalacións de puntos limpos, que dan cobertura e servizo a 223 concellos galegos, é dicir, ao 87,3% da poboación galega.

Desta rede, un total de 27 novos puntos limpos foron construídos dende o ano 2009, e dende outubro de 2012 ata a actualidade, executáronse 14 novos puntos limpos: tres na provincia da Coruña (Porto do Son, Fene-Cabanas e Sada), dous na de Lugo (Cervo e Trabada), seis na provincia de Ourense (O Pereiro de Aguiar, Castro Caldelas, San Cibrao das Viñas, Vilamartín de Valdeorras, O Carballiño e A Veiga), e, por último, outras tres na de Pontevedra (Vila de Cruces, Mos e Nigrán).

A previsión da Xunta é ampliar esta rede de puntos limpos con seis instalacións máis, que son os de Frades, Baralla, Outeiro de Rei, Ponte Caldelas, Lobios e este de Vilar de Santos, que se autorizou hoxe. Nun prazo máis amplo, o novo Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos prevé que o número de instalacións deste tipo supere as 250 antes de finais de 2020. O investimento previsto pola Xunta para a creación e xestión de novos puntos limpos, así como o mantemento dos xa existentes, ascende a máis de 21 millóns de euros, cun investimento concreto de 1,7 millóns de euros para este ano.

A XUNTA IMPULSA A IMPLANTACIÓN CONXUNTA NO EXTERIOR DE 60 PEMES GALEGAS AO ABEIRO DA NOVA EDICIÓN DO PROGRAMA PRIMEX

- ***A convocatoria, dotada con 1 millón de euros, cubrirá o 75% do custo e promoverá proxectos de cooperación empresarial nas pemes galegas***
- ***Entre as novidades desta convocatoria, e para unha maior flexibilidade, apoiaranse iniciativas nas que colaboren un mínimo de dúas empresas ademais de facilitarse actuacións tanto en orixe como en destino***
- ***Os proxectos permitirán crear filiais e oficinas de promoción no estranxeiro, así como plataformas ou outro tipo de proxectos cooperativos***
- ***O Primex, que se desenvolve no marco da Estratexia de Internacionalización da Empresa Galega 2020, ten apoiado nos últimos 6 anos 50 proxectos nos que participan máis de 200 empresas galegas en 19 países como Alemaña, Brasil, China ou Estados Unidos***

O Goberno galego ten na internacionalización do tecido empresarial un dos piares básicos para mellorar a súa competitividade e impulsar o crecemento económico. Neste contexto, o Consello da Xunta coñeceu hoxe unha nova edición do Plan Primex, que activará a Consellería de Economía e Industria a través do Igape co obxectivo de facilitar a procura de novos mercados a 60 pemes galegas.

Para acadar este obxectivo, o Plan suma un millón de euros, e centra os seus apoios nas pemes galegas como beneficiarias da actuación. Estas disporán de apoios que cobren ata o 75% do gasto subvencionable de cara a impulsar as primeiras implantacións das empresas no exterior a través de proxectos conxuntos de cooperación que permiten unir esforzos, compartir custos e, se fose o caso, desenvolver estratexias de marca.

Cómpre salientar, entre as novidades da convocatoria para unha maior flexibilidade, o apoio a iniciativas nas que colaboren un mínimo de dúas empresas, fronte ás tres requiridas ata o de agora, e o impulso de actuacións tanto en orixe como en destino. Ademais, os beneficiarios disporán da posibilidade de solicitar un anticipo. Deste xeito, facilitarase o desenvolvemento de proxectos encamiñados á creación de filiais e oficinas de promoción no estranxeiro, así como ao desenvolvemento de plataformas ou proxectos cooperativos de internacionalización.

Promóvese así a colaboración empresarial para establecerse por primeira vez en novos mercados internacionais de cara ao lanzamento de produtos ou servizos galegos. A través do plan téñense impulsado ata o de agora 50 proxectos de cooperación nos que participan máis de 200 empresas galegas que se están a implantar en 19 países de diversa índole como Alemaña, Brasil, China, Estados Unidos, Francia, México, Panamá, Reino Unido ou Francia. Estas iniciativas están a levarse a cabo en sectores prioritarios da economía galega como o naval, a automoción, a construción ou a alimentación.

O Primex enmárcase dentro da Estratexia de Internacionalización da Empresa Galega 2020, que está a promover o Goberno galego co obxectivo tanto de incrementar as exportacións en máis dun 25% neste período, como de aumentar noutro 25% a captación de investimentos estranxeiros en Galicia. Neste sentido, cómpre salientar que o Primex permite, por primeira vez, o desenvolvemento de proxectos tanto en orixe como en destino.

Deste xeito, a Xunta segue a colaborar co tecido empresarial galego contribuíndo a manter a boa marcha das exportacións na Comunidade, que rexistraron, nos cinco primeiros meses do ano, un crecemento do 4,2% sobre o mesmo período de 2014, exercicio no que Galicia obtivo o seu segundo mellor resultado histórico.

A XUNTA MELLORA OS SERVIZOS QUE O CESGA PRESTA ÁS PEMES GALEGAS CARA A IMPLANTACIÓN DA INDUSTRIA 4.0

- ***Refórzase a capacidade do supercomputador virtual co obxectivo de facilitar ás pequenas e medianas empresas galegas servizos especializados que respondan ás exixencias de eficiencia, rapidez e seguridade das fábricas intelixentes***
- ***Incrementábase a capacidade de almacenamento e procesamento de grandes volumes de datos -big data- o que impulsará a competitividade industrial galega***
- ***A actuación, no marco da Axenda de Competitividade Galicia-Industria 4.0, inclúe o asesoramento experto do CIS Galicia, reforzando o seu papel como nexo entre as pemes galegas e os centros tecnolóxicos***
- ***Os principais beneficiarios son sectores como o audiovisual, naval, automoción, aeronáutica e aqueles que precisan de altas capacidades de almacenamento de datos, comunicacións, cálculo e simulación***

O Goberno galego ten no impulso da competitividade empresarial un dos eixos fundamentais de desenvolvemento da súa política económica. Con este obxectivo, o Consello da Xunta autorizou hoxe a optimización dos servizos tecnolóxicos avanzados que prestan o Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) e o CIS Galicia cara á implantación da Industria 4.0 en Galicia. En concreto, o Supercomputador Virtual Galego do CESGA incorporará novos recursos de computación que se reservarán de modo exclusivo ás pequenas e medianas empresas, poñendo á súa disposición servizos especializados adaptados ás esixencias de eficiencia, rapidez e seguridade das fábricas intelixentes.

Esta medida, á que se destinan 150.000 euros, facilitará á industria galega un incremento da súa competitividade, para o que contarán ademais co asesoramento experto do CIS Galicia, que canalizará as súas necesidades de cara a optimizar as prestacións do CESGA. Os novos recursos de computación achegarán unha potencia de cálculo aproximada de 45 billóns de operacións por segundo. Deste xeito, mellorarase o almacenamento de grandes volumes de datos na nube (*cloud*), a capacidade para procesar cantidades inxentes de información (*big data*), a realización de simulacións para testar prototipos virtuais (factoría do futuro) e a habilitación de redes de comunicacións de alta capacidade ao servizo das empresas. Así mesmo, facilítase a resposta en tempo reducido e o acceso a procesadores e aplicacións adaptados, soporte especializado, confidencialidade e custos reducidos.

Todas estas prestacións son imprescindibles para a reindustrialización de sectores estratéxicos na economía galega, a través da súa diversificación cara a ámbitos de maior valor engadido, e tamén para emprender o camiño cara á fábrica do futuro, baseada na innovación, a produtividade, a flexibilidade, a conectividade e a sustentabilidade.

Sectores prioritarios

As empresas audiovisuais e das industrias culturais; as dos sectores baseados na enxeñaría e no deseño industrial, como o naval, a automoción, a aeronáutica, as enerxías renovables, a construción e o téxtil; e aquelas con ámbitos de actividade que precisan de

altas capacidades de almacenamento de información, comunicacións, cálculo e simulación serán as principais beneficiarias da optimización destes servizos.

Neste contexto, a actuación, que se encadra no marco da Axenda de Competitividade Galicia-Industria 4.0, considera o papel do CIS Galicia como axente facilitador da integración das pemes galegas na economía do coñecemento. Isto implica un esforzo continuado para poñer á súa disposición recursos de alto valor engadido aos que, en moitos casos, terían difícil acceso de xeito particular, o que o converte no nexo de referencia entre as pemes galegas e os centros tecnolóxicos. Precisamente, o investimento aprobado hoxe servirá para actualizar as aulas de formación tanto do CIS Galicia como do Cesga, que impartirán formación avanzada para pemes e profesionais usuarios destes servizos. Desta forma, o CIS reforza o seu papel dinamizador da transferencia tecnolóxica da maneira máis lóxica e eficaz: en contacto directo coas empresas e coa vocación de apoialas na busca da fórmula tecnolóxica que signifique o camiño máis seguro cara á competitividade.

A Xunta de Galicia continúa a traballar co Centro de Supercomputación de Galicia – CESGA co obxectivo de aproveitar todas as súas potencialidades de cara a dar resposta ás necesidades do tecido produtivo e investigador. Neste sentido, a Consellería de Economía e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación, ten destinado –xunto co Ministerio de Economía e Competitividade– preto de 5 millóns de euros nos últimos anos a consolidación do CESGA como centro de excelencia da comunidade científico-empresarial en servizos de investigación en ciencia computacional.

A XUNTA DESTINA 60.000 EUROS AO IMPULSO DA FORMACIÓN PROFESIONAL DA FAMILIA DE MADEIRA, MOBLE E CORTIZA

- ***O Consello autorizou hoxe a ampliación dun convenio de colaboración coa Fundación Laboral da Construción, e outro coa Fundación de Exposicións e Congressos da Estrada***

A Goberno galego -a través da Consellería de Cultura e Educación- destinará un total de 60.000 euros ao impulso da formación profesional e a profesionalización das ensinanzas de grao medio no eido da madeira, do moble e da carpintaría. Nesta liña, o Consello da Xunta autorizou hoxe a ampliación de dous convenios de colaboración, coa Fundación Laboral da Construción e coa Fundación de Exposición e Congressos da Estrada respectivamente.

Deste xeito, a Consellería de Cultura e Educación e a Fundación Laboral da Construción renovarán a colaboración mutua para seguir impartindo as ensinanzas da familia profesional madeira, moble e cortiza (ciclo formativo de grao medio en Carpintaría e Moble) no CIPF Politécnico de Lugo. O departamento de Educación da Xunta achegará 30.000 euros para que a Fundación continúe impartindo os ditos estudos no próximo curso. Pola súa banda, a Fundación pon á disposición dos estudantes as instalacións precisas para desenvolver os ditos estudos.

Doutra banda, a Consellería asinará a ampliación doutro convenio de colaboración coa Fundación de Exposicións e Congressos da Estrada (Pontevedra), para continuar coas ensinanzas do ciclo formativo de grao medio en Carpintaría e Moble, no IES Antón Losada Diéguez desta localidade. Neste caso, a consellería achegará un total de 30.050 euros para o vindeiro curso escolar. Parte destas ensinanzas impartiranse nas instalacións desta fundación.

CULTURA E EDUCACIÓN ACHEGARÁ MÁIS DE DOUS MILLÓNS DE EUROS PARA DOTAR DE 370 AUXILIARES DE CONVERSA AOS CENTROS EDUCATIVOS

- ***O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe a un acordo entre a Consellería e o Ministerio polo que este último seleccionará 345 auxiliares de conversa de lingua inglesa, 14 de francés, 7 de alemán, 2 de portugués e outros 2 de chinés, que serán destinados a centros educativos públicos e escolas oficiais de idiomas***
- ***O departamento dirixido por Román Rodríguez concederá unha axuda mensual de 700 euros ao longo de oito meses a cada un dos profesionais***

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe a un acordo de bases de colaboración entre o Ministerio de Educación, Cultura e Deportes e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para dotar de auxiliares de conversa centros educativos públicos e escolas oficiais de idiomas de Galicia. O alcance do acordo mantense nos mesmos termos ca no ano pasado, e a el sumaranse arredor doutros 50 auxiliares que se incorporarán ao sistema de ensino galego, ben contratados pola Consellería, ben a través da colaboración interinstitucional co Instituto Cofuncio, co Instituto Camões e coa Académie de Amiens.

En virtude do acordo aprobado hoxe polo Consello, o departamento dirixido por Román Rodríguez achegará máis de 2,1 millóns de euros para financiar a dotación dun total de 370 auxiliares de conversa de 15 nacionalidades, o que demostra a aposta decidida e o respaldo do Goberno galego ao ensino plurilingüe.

O Ministerio ocuparase de seleccionar os profesionais e enviar a relación detallada antes do inicio do curso escolar, mentres que a Consellería será a encargada de adxudicalos aos diferentes centros plurilingües, con seccións bilingües ou escolas oficiais de idiomas. Ademais, tamén organizará unha xornada de acollida dirixida a todos os auxiliares participantes.

Dentro dos 370 que se seleccionarán, 345 prestarán o seu servizo en lingua inglesa, 14 en francés, 7 en alemán, 2 en portugués e outros 2 en chinés. Todos eles realizarán funcións de apoio á docencia da lingua estranxeira no centro de destino e estarán supervisados por unha persoa profesora titora-coordinadora.

De outubro a maio

A axuda outorgada pola Consellería, que se estenderá ao longo de oito meses –isto é, dende o 1 de outubro deste ano ao 31 de maio de 2016 salvo casuísticas atribuídas ao propio auxiliar-, será de 700 euros mensuais. A maiores, o departamento educativo da Xunta tamén se fará cargo da cobertura sanitaria daquelas persoas que non dispoñan da correspondente tarxeta europea.

Crecedemento do ensino plurilingüe

Este acordo de colaboración co Ministerio enmárcase dentro do Plan galego de potenciación das linguas estranxeiras, que aposta pola introdución dun ensino plurilingüe nos centros educativos da Comunidade. Así as cousas, nestes últimos anos medraron dun xeito exponencial os centros que combinan galego, castelán e unha lingua estranxeira ata chegar cada unha a un terzo do horario lectivo, así como aqueles con seccións bilingües.

De feito, e segundo a resolución provisional publicada este mesmo mes no DOG, para o próximo curso 2015/2016 incorporaranse 36 novos centros á Rede de Plurilingües, o que sumará un total de 256. En canto ás seccións bilingües, estas aumentarán en 317, acadando así as 3.540 en toda Galicia. Ademais, o curso que vén, o ensino plurilingüe tamén se estenderá á etapa de bacharelato.

Transmisores da realidade cultural do seu país

Neste contexto, a Consellería considera a figura do auxiliar de conversa un elemento clave para achegar a realidade cultural e lingüística do seu país de orixe ao alumnado galego. Deste xeito, estas persoas levan a cabo un importante servizo complementario, ao apoiaren o labor do profesorado, facilitando as prácticas de conversa en linguas estranxeiras.

Ademais, representan un auténtico vehículo de achegamento á cultura dos países onde se fala a lingua obxecto de estudo, polo que contribúen a reforzar o labor docente na compoñente de multiculturalidade, eixo sobre o que pivotan os currículos dos centros implicados no Plan de potenciación das linguas estranxeiras.

SANIDADE ENVÍA AO CONSELLO CONSULTIVO PARA A SÚA APROBACIÓN O DECRETO POLO QUE SE CREA A AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS

- ***O Executivo galego vén de enviar ao Consello Consultivo o proxecto de decreto polo que se crea a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, e se aproban os seus estatutos***

A creación desta axencia ten por obxectivos: garantir o abastecemento de sangue e dos seus derivados aos provedores de servizos sanitarios de Galicia; coordinar a doazón, os transplantes de órganos e o implante de células e tecidos; e asumir a organización e garantir a dispoñibilidade de mostras de máxima calidade de células e tecidos.

Esta axencia asumirá os medios persoais e materiais que na actualidade corresponden ao Centro de Transfusión de Galicia e á Oficina de Coordinación de Transplantes de Galicia.

Respecto da Unidade de Criobioloxía- Establecemento de Tecidos do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, é un banco de tecidos ocular, de válvulas cardíacas e arterias da Comunidade, que exerce tamén de banco de tecidos ocular de referencia dos hospitais tanto da rede pública como privada. Ao tratarse dunha unidade de natureza hospitalaria, e tendo en conta as evidentes relacións e sinerxías xeradas co Centro de Transfusión e con outros centros en materia de transplante, valorouse como máis conveniente e axeitado manter a natureza da unidade como servizo hospitalario.

Sinalar que a creación da Axencia de Sangue, Órganos e Tecidos non comporta impacto económico, xa que os créditos orzamentarios actuais son adecuados e suficientes para facer fronte aos custos económicos da Axencia; simplemente se precisa unha reorganización de unidades actualmente xa existentes.

A XUNTA INVISTE 7,5 MILLÓNS DE EUROS PARA FINANCIAR O MANTEMENTO DO EMPREGO DE PRETO DE 2.000 PERSOAS CON DISCAPACIDADE

- ***Esta convocatoria de subvencións está destinada aos 114 centros especiais de emprego que existen en Galicia***
- ***Coa iniciativa da Consellería de Traballo e Benestar financiarase o custo salarial dos postos de traballo para o período comprendido entre o 1 de xullo de 2015 e o 30 de xuño de 2016***
- ***O obxectivo destas axudas é promover a integración laboral das persoas con discapacidade nos centros especiais de emprego, así como a súa permanencia no mercado laboral***

A Consellería de Traballo e Benestar financiará o mantemento do emprego de preto de 2.000 persoas traballadoras con discapacidade nos centros especiais de emprego de Galicia a través dunha orde de axudas que se encarga de financiar parcialmente o custo salarial destas contratacións. Estas subvencións, ás que se destinan este ano máis de 7,5 millóns de euros, van destinadas aos 114 centros especiais de emprego que existen en Galicia.

A orde que establece estas subvencións regula o pagamento á conta e anticipado destas axudas, ata un 90% da axuda concedida, co fin de colaborar co mantemento dos postos de traballo ocupados por persoas con discapacidade nestes centros e de facilitarlles o seu financiamento.

Esta iniciativa da Consellería de Traballo e Benestar, que contou hoxe coa autorización do Consello da Xunta, conta cun investimento de máis de 7,5 millóns de euros para o período do 1 de xullo de 2015 ao 30 de xuño de 2016.

A contía das axudas que se percibe por cada persoa con discapacidade contratada é de 324,30 euros mensuais, o que supón o 50 por cento do Salario Mínimo Interprofesional vixente.

O obxectivo destas axudas é promover a integración laboral das persoas con discapacidade nos centros especiais de emprego, así como a súa permanencia no mercado laboral. Ao mesmo tempo, estas axudas favorecen a viabilidade destas empresas.

Estes centros dan empregos a persoas con distintos tipos e graos de discapacidade. En concreto, estes postos de traballo están ocupados por persoas con parálise cerebral, enfermidade mental ou discapacidade intelectual cun grao superior ao 33 por cento. Tamén poden acceder a estas fórmulas especiais de emprego protexido as persoas cun grao de discapacidade física ou sensorial superior ao 33 por cento.

O apoio aos centros especiais de emprego por parte da Xunta de Galicia complementábase coas axudas dos programas de incentivos para a creación ou ampliación do cadro de

—

persoal con discapacidade dos centros especiais de emprego e de subvencións ás unidades de apoio á actividade profesional, dos centros especiais de emprego, neste caso cun orzamento de máis dun millón de euros. Esta orde de axudas convocarase proximamente no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

Esta iniciativa encádrase no esforzo da Xunta por acadar unha integración plena das persoas con discapacidade, no que o acceso ao emprego é un elemento decisivo. Para iso, a Consellería de Traballo e Benestar establece accións específicas para a inserción deste colectivo, así como para a súa permanencia no mercado laboral.

Así, a Consellería só en 2015 incrementou nun 2 por cento o orzamento dos programas de emprego para as persoas con discapacidade ata preto dos 18 millóns de euros. Aproximadamente, a metade está destinado aos centros especiais de emprego e permite subvencionar o posto laboral dos 2.000 traballadores e traballadoras con discapacidade.

Reserva contratos

Ademais, para favorecer o emprego e mesmo a ampliación dos preto de 2.000 postos de traballo de persoas con discapacidade e de persoas que pertencen a colectivos en risco de exclusión social que traballan nos centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral de Galicia, a Xunta implementará por primeira vez a reserva con carácter obrigatorio por Lei de entre un 3 e 5 por cento de contratos públicos aos centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral. Esta cota de contratación será para aquelas obras e servizos susceptibles de ser realizables por un centro especial de emprego ou empresa de inserción laboral, tal e como indica o marco o artigo 26 da Lei de racionalización do sector público autonómico.

Por último, é preciso destacar que o orzamento global da discapacidade incrementouse en 2015 por segundo ano consecutivo, e alcanzou en global a cifra de 100 millóns de euros. Isto supón un crecemento de preto do 9 por cento nos dos últimos anos.

A XUNTA AUTORIZA A CONTRATACIÓN DE AXENCIAS DE COLOCACIÓN COMO ENTES COLABORADORES DO SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO

- ***O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á tramitación deste novo servizo, seguindo o establecido no acordo marco estatal***
- ***O obxectivo é ampliar e intensificar a intermediación laboral, especialmente naqueles colectivos con especiais dificultades de inserción***
- ***O servizo será coordinado e seguido directamente polas oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia***

As axencias de colocación poderán ser entes colaboradores do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) a partir do mes de outubro, tal e como se aprobou hoxe no Consello da Xunta. Este acordo realízase ao abeiro do acordo marco estatal asinado en 2013 que ten como principal obxectivo ampliar a intermediación no mercado laboral do colectivo de desempregados con especiais dificultades de inserción.

Os destinatarios desta medidas serán: beneficiarios do programa Activa ou maiores de 45 anos con máis de 2 anos de desemprego; desempregados de entre 26 e 44 anos con menos de 6 meses de desemprego; beneficiarios da RISGA, maiores de 45 anos e con máis de 2 anos de desemprego; menores de 25 anos con formación e menos de 6 meses de desemprego; e entre 45 e 54 anos con menos de 6 meses de desemprego.

As axencias serán colaboradoras, polo que o servizo público de emprego de Galicia será o encargado de coordinar todo o proceso e seguilo directamente. Así, será o SPEG o que remita os desempregados ás axencias. Alí, os beneficiarios recibirán unha atención integral, que comprenderá calquera actuación (orientación, formación, intermediación...) que sexa positiva para o seu acceso ao mercado laboral.

De acordo co que se establece nos pregos de contratación, a Xunta aboará unha contía por cada contrato obtido, sempre que este sume un total de 6 meses nun período de 8, ou no período dun ano para o caso dos traballadores fixos discontinuos.

Para este programa, o Goberno galego conta cunha partida de 4,9 millóns de euros, que proveñen de fondos finalistas do Servizo Público de Emprego Estatal, tal e como se acordou na última conferencia sectorial.

Poderán optar a este programa as axencias autorizadas polo Estado que teñan un centro aberto en Galicia e que presentasen declaración responsable o 30 de abril. En total, neste momento son 22.

Esta iniciativa inscríbese no esforzo do Goberno galego por mellorar o Servizo Público de Emprego de Galicia e por poñer en marcha iniciativas que beneficien, especialmente, os colectivos con máis dificultades de inserción no mercado laboral.

Así, en xaneiro deste mesmo ano, e pactado cos axentes sociais presentes no Diálogo Social, iniciáronse dous novos plans: o de Garantía Xuvenil e Activación para o Emprego, dotados en total con 60 millóns de euros. Ambas estratexias inclúen medidas en materia de intermediación, mellora da empregabilidade, apoio á contratación ou fomento do emprendemento.

A XUNTA PORÁ EN MARCHA A FINAIS DE ANO UNHA PLATAFORMA TECNOLÓXICA PARA A XESTIÓN DO TRANSPORTE PÚBLICO DE VIAXEIROS

- ***O Sistema de Axuda á Explotación da Mobilidade permitirá coñecer a demanda real dos servizos e deseñar unha oferta adaptada ás necesidades reais dos cidadáns***
- ***Facilitará aos usuarios o acceso en liña e en tempo real á situación e información dos autobuses de xeito que poidan planificar as súas viaxes***
- ***A plataforma proporcionará ás empresas de transporte unha ferramenta para xestionar de maneira máis eficiente os seus recursos materiais e humanos, e mellorar as condicións de seguridade dos seus traballadores e usuarios***
- ***No futuro posibilitará a mellor planificación dos servizos ou a posta en marcha de sistemas de transporte a demanda e facilitará a intermodalidade con outros sistemas de transporte***
- ***A incorporación deste sistema é unha das obrigas establecidas no Plan de modernización da concesión de transporte público para toda a flota de transporte regular de persoas***

A finais de ano entrará en funcionamento o Sistema de Axuda á Explotación da Mobilidade (SAE), unha plataforma tecnolóxica, promovida pola Xunta, para modernizar e mellorar a xestión do transporte público de viaxeiros por estrada. A incorporación deste sistema é unha das obrigas establecidas no Plan de modernización da concesión de transporte público para toda a flota de transporte regular de persoas, que dá servizo anualmente a 25 millóns de usuarios, a través de máis de 1.000 autobuses.

Esta plataforma permitiralle á Administración autonómica dispoñer da información en tempo real de todos os autobuses de transporte regular de viaxeiros, tanto dos que empregan directamente a plataforma da Xunta como daqueles conectados a sistemas locais, o que permitirá coñecer a demanda real dos servizos de transporte público e deseñar unha oferta de servizos acorde ás necesidades da cidadanía.

Á iniciativa liderada pola Xunta, a través da Consellería de Medio Ambiente e Infraestruturas e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), adheríronse 51 empresas, que representan o 40% da flota de autobuses da Comunidade.

As vantaxes do SAE para o transporte

Esta ferramenta de xestión, que lles permitirá ás empresas concesionarias a localización e posicionamento, trasladará información en tempo real ao Centro Operativo da Mobilidade de Galicia. Ademais, o sistema posibilitará a comunicación bidireccional entre o bus e o centro de control, unha mellor vixilancia e seguimento dos vehículos, o control da calidade na conducción, así como a xestión de incidencias e optimización da explotación do servizo, xa que as empresas poderán planificar con base na información recollida sobre quilómetros percorridos, o desfase da ruta e do tempo establecido, o número de viaxeiros, os parámetros de funcionamento dos vehículos, ...

Coa implantación do SAE as empresas de transporte contarán cunha plataforma avanzada que lle permitirá ofrecer novos servizos aos seus viaxeiros, como información, acceso a Internet, videovixilancia, ou servizos de fidelización.

Ademais, co novo sistema, os autobuses dispoñen dun equipamento, que permitirá no futuro poñer en marcha novos mecanismos de abono, como é o pago a través do móbil.

Vantaxes para os cidadáns

A implantación do Sistema de Axuda á Explotación permitirá que calquera cidadán poida acceder a través de ferramentas web, e dispositivos móbiles, a información en tempo real sobre as rutas e aos tempos de espera dos autobuses en cada parada, o que mellorará o servizo aos cidadáns.

Igualmente, ao facilitar un control automatizado do cumprimento da oferta de servizos, mellorará sensiblemente a fiabilidade dos propios servizos e, por tanto, a súa calidade. Ademais, o cidadán poderá planificar as súas viaxes en transporte público previamente ou, incluso, sobre a marcha, dispoñendo de ferramentas para a busca das mellores combinacións de viaxe.

Contratación a través de Diálogo Competitivo

O desenvolvemento do proxecto de posta en marcha do Sistema de Axuda á Explotación da Mobilidade de Galicia realizouse nun marco de colaboración entre sector do transporte e Administración autonómica, e licitouse a través da modalidade de diálogo competitivo, o que permitiu deseñar un sistema á medida do sector, con funcionalidades avanzadas no equipamento embarcado nos autobuses e nas ferramentas para a súa xestión.

As empresas adheridas ao uso da plataforma da Xunta concorreron a unha contratación global do servizo xunto coa Xunta de Galicia, o que permitiu tanto unha mellora no produto ofertado como no seu prezo cunha rebaixa con respecto á licitación dun 6% para a Administración e dun 9% para as empresas de transporte. Ademais, esta modalidade evitou ás empresas adheridas asumir a complexidade tecnolóxica da iniciativa. É a primeira ocasión na que a Xunta de Galicia utiliza este método de colaboración.

O custo por vehículo para a dotación do equipamento tecnolóxico e a súa conexión permanente co Centro Operativo da Mobilidade de Galicia será de 66 euros ao mes para as empresas adheridas á iniciativa.

Orzamento do Proxecto

O SAE da Mobilidade de Galicia adxudicouse por un importe de 2.123.000 euros e suporá un investimento conxunto da Administración e as empresas do transporte de viaxeiros por estrada de 3.722.309 euros ata o 2019.

A XUNTA PON EN MARCHA O SERVIZO CHAVE 365 QUE SIMPLIFICA A TRAMITACIÓN EN LIÑA MEDIANTE O EMPREGO DE CLAVES CONCERTADAS

- ***O usuario só precisa darse de alta no servizo e recibe no seu móbil unha clave de acceso e un código de sinatura, que empregará xunto co seu NIF para acceder á sede electrónica***
- ***O sistema, que estará dispoñible a partir do mes de agosto no Rexistro Xeral, evita a complexidade do uso do certificado electrónico***
- ***Cómpre destacar que a tramitación electrónica supón un aforro mínimo de 75 euros por solicitude fronte á modalidade presencial***
- ***O Rexistro Xeral da Xunta está a pilotar a dixitalización dos documentos achegados por cidadáns e empresas***
- ***Permitirá a creación de expedientes 100% electrónicos que se integrarán no Arquivo Dixital de Galicia***

Facilitar a accesibilidade ao servizos en liña e avanzar na tramitación integramente electrónica son os obxectivos do servizo Chave 365 e do proceso de dixitalización das Oficinas de Rexistro. Son dúas das iniciativas previstas no Plan de Administración e Goberno Dixitais 2020, e que a Xunta vén de poñer en marcha, segundo un informe presentado pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) ao Consello do Goberno galego.

A entrada en funcionamento de Chave 365 simplificará a xestión telemática coa Administración facilitando o uso de claves concertadas para acceder á sede electrónica. Cómpre destacar que a tramitación en liña supón un aforro mínimo de 75 euros por solicitude, fronte á modalidade presencial. Para empregar este sistema, o usuario só terá que darse de alta no servizo, verificando a súa identidade nas oficinas de rexistro habilitadas ou ben a través da sede electrónica.

Unha vez verificada a súa identidade, o usuario recibirá no seu móbil unha clave de acceso, que empregará xunto co seu NIF. Deste xeito cada vez que queira realizar unha xestión, introducirá a clave de acceso e o NIF na sede electrónica e recibirá automaticamente no seu móbil un código de sinatura dun só uso e válido durante 24 horas para realizar o trámite.

Este servizo poderá solicitarse a partir do mes de agosto no Rexistro Xeral da Xunta e irase implantando progresivamente no resto das oficinas de Rexistro.

A incorporación de Chave 365 permitirá avanzar cara á sede electrónica móbil, facilitando o acceso desde dispositivos móbiles ou tabletas a algunhas funcionalidades, como a consulta do estado dos expedientes na Carpeta do cidadán.

A iniciativa Chave 365 xorde ante a dificultades de uso do certificado electrónico e para evitar que as persoas menos familiarizadas co emprego das novas tecnoloxías queden

excluídas dos servizos electrónicos. Este servizo dota os cidadáns e as empresas dun mecanismo de identificación e sinatura electrónica sinxelo que ofrece garantías de seguridade similares ao certificado electrónico.

Dixitalización dos rexistros

A Amtega en colaboración coa Vicepresidencia da Xunta está a pilotar no Rexistro Xeral a dixitalización da documentación que achegan os cidadáns. Este proceso, fundamental para conseguir unha tramitación 100% electrónica, continuará estendéndose de xeito progresivo no último trimestre de 2015 nos rexistros únicos da Xunta en Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo. O obxectivo é estender este proceso ás 533 oficinas que integran o Sistema Único de Rexistro ao longo de 2016.

Unha vez completado o proceso, calquera documento que entre nestas unidades será dixitalizado e compulsado electrónicamente, para conformar o expediente administrativo dixital, que se almacenará no Arquivo Dixital de Galicia. e eliminar o uso do papel en toda a relación entre cidadáns, empresa e a Administración.

Este proceso forma parte da modernización do sistema de rexistro que a Amtega iniciou en 2012, unificando o funcionamento dos rexistros a través dun sistema informático común (AIRES) e establecendo o traballo en rede das oficinas de rexistro autonómicas e locais. O obxectivo é garantir tanto ao cidadán como á Administración pública a rastrexabilidade da documentación, a automatización dos procesos, a redución dos tempos de tránsito entre os rexistros e a eliminación do uso de papel.

A XUNTA AMPLÍA OS RECURSOS DESTINADOS Á RISGA E Á SÚA TRAMITACIÓN PARA RESPONDER CON MAIOR AXILIDADE ÁS SOLICITUDES

- ***A Consellería de Traballo e Benestar informou hoxe ao Consello da Xunta que prevé rematar o ano cun orzamento para a Renda de Inclusión Social (RISGA) de máis de 53 millóns de euros, o que supón un incremento de máis de 5 millóns de euros sobre o previsto ao inicio do ano***
- ***Esta iniciativa inscríbese na decidida aposta deste Goberno por apoiar ás persoas en risco de exclusión e por axilizar a tramitación das súas prestacións, un esforzo que se reflicte nos orzamentos de 2015 cunha partida inicial de 70 millóns de euros, un 17,7% máis que en 2014***
- ***A Xunta analizou hoxe a evolución das solicitudes e atención da Renda de Inclusión Social de Galicia no primeiro semestre do ano, no que se constata unha tendencia á baixa no número de solicitudes que xa comezara en 2014***
- ***A Xunta anunciou o pasado mes de xuño a posta en marcha do Plan social contra a desigualdade económica, que conta coa colaboración de todas as consellerías***

A Consellería de Traballo e Benestar informou hoxe ao Consello da Xunta da situación da tramitación da Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA), prestación dirixida a garantir recursos económicos de subsistencia e a acadar a autonomía e integración social e laboral das persoas beneficiarias, durante o primeiro semestre do ano, así como unha análise da evolución desta prestación nos últimos exercicios.

Neste documento, plásmase a previsión do departamento autonómico de reforzar os recursos destinados a atender aos seus beneficiarios para responder ás súas solicitudes e axilizar os mecanismos para resolver as solicitudes. Neste sentido, indícase que está previsto rematar o ano cun orzamento de máis de 53 millóns de euros, o que supón un incremento de máis de 5 millóns de euros sobre o previsto ao inicio do ano. Este crecemento ten o obxectivo de atender as solicitudes xa presentadas no primeiro semestre do ano e as que se presentarán nos últimos seis meses de 2015.

O informe reflicte que 2014 se pechou con 12.348 beneficiarios acumulados, para o que se destinou unha cantidade de 44,1 millóns de euros. Neste eido é preciso destacar o esforzo da Xunta de Galicia ao longo destes anos para garantir as prestacións aos colectivos de especial vulnerabilidade. Así, cómpre lembrar que desde o ano 2009 o orzamento destinado á RISGA ten medrado máis dun 130%, non só para dar resposta ás demandas, senón para facelo coa máxima axilidade posible.

No que respecta á evolución da RISGA, cabe destacar que desde 2014 se vén rexistrando unha tendencia á baixa nas solicitudes. O perfil das persoas beneficiarias é nun 59,60% mulleres fronte o 40,40% de homes. En referencia á idade, a maioría teñen entre 35 e 44 anos. O 42,58% viven coa súa familia, mentres que un 37,98% viven soas. No relativo ao

nivel de estudos, un 39,46% ten estudos primarios incompletos, un 44,9% primarios, un 2,93% carecen de estudos e un 2,09% contan con estudos superiores.

Esta iniciativa inscríbese na decidida aposta deste Goberno por apoiar as persoas en risco de exclusión. Este compromiso está plasmado nos orzamentos deste ano, polo que as partidas destinadas á inclusión ascenden a 70 millóns de euros, medrando nun 17,7 por cento con respecto ao ano pasado.

Cómpre salientar a recente posta en marcha do Plan social contra a desigualdade económica, anunciado o pasado 11 de xuño, e que conta coa colaboración de todas as consellerías da Xunta, co obxectivo de continuar apoiando con maior intensidade ás familias con ingresos máis baixos ou as que teñan sido afectadas pola crise en maior medida, como poden ser as monoparentais.

O plan, en definitiva, busca ampliar o “colectivo diana” das políticas de inclusión e prestar unha especial atención a aqueles casos que presenten carencias, aínda que conten cun emprego ou mesmo superen os límites de ingresos familiares que establecen prestacións como a RISGA.

Estratexia de Inclusión Social

O obxectivo deste Plan é continuar avanzando na loita contra a exclusión social, facendo especial fincapé na prevención destas situacións. O documento está deseñado de acordo cos obxectivos que establece a Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020, aprobada en decembro con 300 medidas concretas e un orzamento de máis de 520 millóns de euros.

Precisamente, a Estratexia recollía medidas específicas para familias con menores ao seu cargo en situación de risco, ou monoparentais, que constitúe tamén un dos colectivos prioritarios deste Plan social. Entre outras propostas de actuacións, destaca o establecemento dun anticipo das axudas de inclusión social destinado a estas familias.

A XUNTA CONCEDEU ESTE ANO PRETO DE 19 MILLÓNS DE EUROS EN AXUDAS PARA INVESTIMENTOS EN TRANSFORMACIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE PRODUTOS AGRARIOS E FORESTAIS

- ***Aprobáronse nesta convocatoria un total de 188 solicitudes, que son todas as que cumprían cos requisitos establecidos na orde***
- ***Destacan pola súa importancia as axudas concedidas a proxectos de investimentos nos sectores lácteo e cárnico, as cales representan no seu conxunto preto do 50% do total***

O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e praxe ao informe presentado pola Consellería do Medio Rural e do Mar sobre as axudas aprobadas para os investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios e forestais, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) para o exercicio orzamentario de 2015.

Aprobáronse nesta convocatoria un total de 188 solicitudes, o que supón unha axuda total concedida de 18.911.123 euros. Deste xeito, aprobáronse todas as solicitudes que cumprían os requisitos establecidos para ser beneficiarios das axudas.

Estas subvencións teñen como obxectivo realizar investimentos en activos fixos materiais para a creación, ampliación e modernización das instalacións situadas en Galicia, destinadas á transformación e/ou comercialización de produtos agrarios e forestais. Estas industrias agrarias e forestais teñen un carácter estratéxico en Galicia, por ser un elemento clave para o desenvolvemento destes sectores, así como para a promoción das zonas rurais.

Axudas por sectores

Destacan pola súa importancia as axudas concedidas a proxectos de investimentos nos sectores lácteo e cárnico, as cales representan no seu conxunto preto do 50% do total de axudas. Así, no sector cárnico aprobáronse 51 proxectos que supuxeron un investimento de 5,5 millóns de euros, mentres que no lácteo apoiáronse 26 iniciativas cunha axuda total de 3,9 millóns de euros.

No sector de alimentación animal subvencionáronse 20 proxectos destinados á modernización e melloras tecnolóxicas en fábricas de pensos existentes, por un importe total de 2,4 millóns de euros. O sector de panadaría contou cunha axuda de 1,5 millóns de euros para a execución de 24 proxectos; mentres que o hortofrutícola concedeu axudas por un importe de 1,9 millóns de euros a 25 proxectos para executar en diversas actividades de selección, envasamento e transformación de produtos de horta, froitas, froitos e tubérculos.

No tocante ao sector madeireiro, foron aprobados un total de 17 proxectos de investimento desenvolvidos por microempresas para actividades de serradoiro de madeira, cunha axuda concedida de 1,2 millóns de euros. Por último, concedéronse subvencións a 25 proxectos

—

doutros sectores de actividade, cunha axuda total concedida próxima a 2,4 millóns de euros, tales como proxectos para o envasamento de mel, elaboración de augardentes e licores ou envasamento de aceite.